

## **A MANCOMUNIDADE DE CONCELLOS DO CARBALLIÑO PON EN MARCHA UN DISPOSITIVO DE ATENCIÓN PSICOLÓXICA GRATUITO POLO COVI-19.**

A Mancomunidad de Concellos do Carballiño a través do Servizo de Atención Temperá, pon este dispositivo en marcha para todos aqueles nenos e nenas e as súas familias que por situación do COVI-19 o necesiten. O dispositivo conta cun sistema de atención psicolóxica dirixido o manexo do estrés e malestar derivado das experiencias xeradas por a exposición á pandemia que estamos a vivir e as súas consecuencias.

Está dirixido especialmente a poboación infantil entre 0 e 6 anos, por consideralos especialmente vulnerables o poder ter familiares falecidos, familiares enfermos, familiares intervindo en primeira fila, familiares traballando en residencias de maiores, persoal de corpos e forzas de seguridade, persoal de administracións públicas con servizos directos á cidadanía, persoal de limpeza, cadea de distribución alimentaria, ... e todos aqueles que vexan que os seus menores e eles mesmos están a vivir situación que lle provocan ansiedade e estrés.

O teléfono de contacto é o 671635183.